



CONCELLO DE VIGO  
CONCELLERÍA DA ÁREA DE ORZAMENTOS E FACENDA

Expediente nº: 80/142

## Informe sobre o impacto de xénero para a súa incorporación ao Orzamento do ano 2024.

**Servizo:** Igualdade de xénero

**Expediente:** 80/142

### Resolución de inicio do expediente

O Sr. Alcalde Presidente, resolveu o 27/06/2023 sobre o inicio do expediente de formación do Orzamento do ano 2024, o Sr. Concelleiro Delegado da Área de Orzamentos e Facenda Resolución da Alcaldía de 20 de xuño de 2023 (BOPPO nº 123 de 27 de xuño), ditou as directrices de formación do Proxecto de Orzamentos.

### 1. Antecedentes normativos

A igualdade entre mulleres e homes é un principio universal recoñecido xuridicamente en todos os textos internacionais sobre dereitos humanos, entre os que destaca a Convención sobre a eliminación de todas as formas de discriminación contra a muller, aprobada pola Asemblea Xeral de Nacións Unidas en decembro de 1979 e ratificada por España en decembro de 1983.

Como normativa fundamental está: Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva entre mulleres e homes. Lei Orgánica 1/2004, de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero. Real Decreto Lei 12/2020, de 31 de marzo, de medidas urxentes en materia de protección e asistencia ás vítimas de violencia de xénero. Lei 19/2007, de 11 de xullo, contrar a violencia, racismo, xenofobia e intolerancia no deporte e o Real Decreto 203/2010 de desenvolvemento da Lei. Real Decreto 901/2020, de 13 de outubro, polo que se regulan os plans de igualdade.

A igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes tamén constitúe un valor fundamental da Unión Europea, recollido nos artigos 2 e 3 do Trato da Unión Europea (UE), nos artigos 8, 153 e 157 do Tratado de Funcionamento da UE e nos artigos 21 e 23 da Carta dos Dereitos Fundamentais.

O Tratado de Amsterdam que modifica o Tratado Constitutivo da Unión Europea recolle no seu articulado como misión da Unión Europea a eliminación das desigualdades entre homes e mulleres e a necesidade de promover a súa igualdade, introducindo este principio en todas as políticas e en todos os programas. Neste sentido, a Decisión do Consello 2001/51/CE de 20 de decembro de 2000, establece a estratexia comunitaria en materia de igualdade entre mulleres e homes (2001-2005), que ten continuidade no Plan de Traballo para a igualdade entre as mulleres e os homes 2006-2010, para dar un novo avance coa Estratexia comunitaria para a Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes 2011-2015 que determina que se ha de integrar a perspectiva de xénero no conxunto das políticas que leven a cabo (...) e tamén mediante procesos de análises de impacto e avaliación. Agora a estratexia 2020-2025 prevé unha meta máis



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/07/2023 08:34	Páxina 1 de 3
80-142	CSV: AHA22D-ED2F81-2D425B-M5XEK6-61JKZU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



ambiciosa, unha Unión na que as mulleres, os homes, os nenos e as nenas, en toda a súa diversidade, dispoñan de liberdade para seguir o camiño que elixan na vida, gocen das mesmas oportunidades para prosperar e poidan conformar e dirixir por igual a sociedade europea na que vivimos.

Os obxectivos fundamentais son pór fin á violencia de xénero, combater os estereotipos de xénero, colmar as brechas de xénero no mercado de traballo, lograr a participación en pé de igualdade nos distintos sectores da economía, abordar a brecha salarial e de pensións entre homes e mulleres, reducir a brecha de xénero nas responsabilidades asistenciais e alcanzar o equilibrio entre mulleres e homes na toma de decisións e a actividade política.

Polo que se refire ao ordenamento interno, a Constitución Española establece no seu artigo 9.2, que corresponde aos poderes públicos promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integra sexan reais e efectivas; remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os cidadáns na vida política, económica, cultural e social, e no seu artigo 14, establece que os españois son iguais ante a lei, sen que poida prevalecer discriminación algunha por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.

O Dereito positivo estatal recolle o mandato constitucional e, así, a Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo para a igualdade efectiva de mulleres e homes, no seu artigo 4 establece o principio de igualdade na interpretación e aplicación das normas. A igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes é un principio informador do ordenamento xurídico e, como tal, integrarase e observará na interpretación e aplicación das normas xurídicas. O artigo 15 determina a obriga para os poderes públicos e as Administracións Públicas de integrar o principio de igualdade de trato e oportunidades entre mulleres e homes en todas as súas actuacións de forma transversal e que o deben integrar de forma activa na definición e presupostación de políticas públicas en todos os ámbitos e no desenvolvemento do conxunto de todas as súas actividades. O artigo 19 desta norma estatal establece que os proxectos de disposicións de carácter xeral e os plans de especial relevancia económica, social, cultural e artística que se sometan á aprobación do Consello de Ministros deberán incorporar un informe sobre o seu impacto por razón de xénero.

A nivel autonómico, o Decreto Legislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, adquire o compromiso na eliminación da discriminación entre mulleres e de homes e na promoción da igualdade, atribuíndolle a maior efectividade posible, no seu campo de competencias, ao principio constitucional de igualdade de oportunidades entre as persoas de ambos os sexos, de conformidade coas obrigacións impostas aos poderes públicos de Galicia no artigo 4 da Lei orgánica 1/1981, de 6 de abril, do Estatuto de autonomía para Galicia.

A Nivel Local, o Concello de Vigo ten vixente o un Plan de Igualdade que persegue os obxectivos dá normativa anterior e forma parte das preocupacións e da actividade transversal do Goberno local acadar a igualdade real entre as persoas, con independencia do seu sexo, e a eliminación de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/07/2023 08:34	Páxina 2 de 3
80-142	CSV: AHA22D-ED2F81-2D425B-M5XEK6-61JKZU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		



CONCELLO DE VIGO  
CONCELLERÍA DA ÁREA DE ORZAMENTOS E FACENDA

Expediente nº: 80/142

calquera barreira que dificulte este obxectivo.

## 2. Obxectivos

Sendo un obxectivo desta Administración o de garantir o respecto á igualdade, procede ir incorporando información sobre o impacto de xénero na documentación que conforma o orzamento local, para dar aplicación ao marco normativo referenciado, sen prexuízo de que a estrutura do informe sexa obxecto dunha evolución no futuro.

En orden á inclusión na norma orzamentaria desta previsión, faise aconsellable anexar un informe adicional sobre as dotacións orzamentarias e o impacto de xénero. Por iso, solicítase informe que alcance a todos os programas de gasto que teñen relación co obxectivo.

A estes efectos remítese o anteproxecto do orzamento da Entidade Local e as Bases de Execución do Orzamento ( verificación de que a norma non contén linguaxe sexista)

Na información sobre os programas e as dotacións orzamentarias figuran aqueles/as que poden ter impacto de xénero, identificando aquelas que teñen destinatarios singulares por razón de xénero masculino ou feminino, así como políticas orzamentarias e accións desenvolvidas que se manteñen no Orzamento do ano 2024 para esta finalidade.

Inclúese os programas: Benestar Social, igualdade, Deportes, Normalización lingüística, Educación, Cultura

Deberase ter en conta o número de usuarios ou beneficiarios por xéneros das accións previstas tendo en conta a información enviada e a coñecida.

Para concretar as medidas, deberase incorporar datos ou accións concretas conducentes a reducir o impacto de xénero

Os informes que se acheguen, formarán parte da documentación que se incorpore ao orzamento.

Aos efectos de incorporar o informe ao expediente, se da un trámite AUT sobre o mesmo.

É necesario que o informe estea remitido con anterioridade ao remate do mes de setembro.

En Vigo á data da sintura electrónica.

O Responsable Superior Contable e Orzamentario: Luís García Álvarez

O Concelleiro Delegado da Área de Orzamentos e Facenda: Jaime Aneiros Pereira

Resolución da Alcaldía de 20 de xuño de 2023 (BOPPO nº 123 de 27 de xuño)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 04/07/2023 08:34	Páxina 3 de 3
80-142	CSV: AHA22D-ED2F81-2D425B-M5XEK6-61JKZU-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <a href="http://www.vigo.org/csv">http://www.vigo.org/csv</a>		